



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: Andrea Maceiras

[Ramón Nicolás 30 Outubro 2014](#)

1.– Principal trazo do seu carácter?

-A curiosidade.

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

-A humildade e a coherencia.

3.– Que agarda das súas amizades?

-Que me acepten como son.

4.– A súa principal eiva?

-A timidez, a introversión.

5.– A súa ocupación favorita?

-Crear. Ler. Viaxar.

6.– O seu ideal de felicidade?

-Estar sempre de camiño cara algures.

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

-A falta absoluta de esperanzas, tal e como Dante describe a entrada do seu inferno.

8.– Que lle gustaría ser?

-Sabia (se podo pedir calquera cousa).

9.– En que país desexaría vivir?

-No que vivo, aínda que con mudanzas. Ou nalgunha illa.

10.– A súa cor favorita?

-As do outono.

11.– A flor que máis lle gusta?

-As flores cotiás que a xente cultiva por fermosas e que agochan segredos insospeitados e perigosos: azaleas, narcisos, adelfas...

12.– O paxaro que prefire?

-O que fica durante o inverno. O paxaro de Emily Dickinson, que non emigra cara o sur.

13.– A súa devoción na prosa?

–Non son de devocións. Na prosa busco que sexa envolvente: a conxunción plena das partes que converte a unha obra en única e singular, de forma que non é posíbel saber como está construída.

14.– E na poesía?

-Na poesía procuro a intensidade.

15.– Un libro?

-Aquel que me fai comprender a realidade dun modo diferente.

16.– Un heroe de ficción?

-Edmond Dantés.

17.– Unha heroína?

-Jane Eyre.

18.– A súa música favorita?

-Rock.

19.– Na pintura?

-Os prerrafaelistas, especialmente J. W. Waterhouse.

20.– Un heroe ou heroína na vida real?

– Todas persoas que, a pesar de todo, non se renden e conseguen facer moito con moi pouco. A xente da miña xeración que, malia as circunstancias, ten valor para loitar, emprender e seguir adiante. Os xenios que nacen en lugares remotos e que con ferralla son quen de fabricar prodixios que cambian a súa vida e a de quen os rodea. A quen é capaz de manter a ilusión e proxectala.

21.– O seu nome favorito?

-Non teño.

22.– Que hábito alleo non soporta?

– A mala educación froito da prepotencia.

23.– O que máis odia?

-A falta de liberdade.

24.– A figura histórica que máis despreza?

-Dictadores, opresores, corruptos...

25.– Un feito militar que admire?

-Ningún.

26.– Que don natural lle gustaría ter?

-O da adiviñación.

27.– De que maneira lle gustaría morrer?

-Cun lampo que me amosase, no seu breve resplandor, algunha verdade última e descoñecida.

28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

-Afanosa.

29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

– Aqueles que non denotan malicia ou os que causan máis dano a quen os posúe que aos demais.

30.– Un lema na súa vida?

-Desexar, como Kavafis desexa, que sexa longa a viaxe a Ítaca.